

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O GRUPO COMPOSTELA DE UNIVERSIDADES, PARA A ORGANIZACIÓN DO XXVI PREMIO INTERNACIONAL "GRUPO COMPOSTELA – XUNTA DE GALICIA", RELACIONADO CON ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN, ESTUDO E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E UNIVERSITARIO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Universidades ten previsto formalizar co Grupo Compostela de Universidades o instrumento convencional arriba referido que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Grupo Compostela de Universidades para a organización do XXVI Premio Internacional "Grupo Compostela – Xunta de Galicia" correspondente ao ano 2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no interese de potenciar o desenvolvemento de actividades relacionadas con estudos e investigacións, que sexan desenvolvidas por entidades públicas ou privadas, sobre temas de conservación, protección e divulgación do patrimonio cultural e universitario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

